

**CONVENIO ENTRE O CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA POLO QUE SE INSTRUMENTA A SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA A REALIZACIÓN DA III EDICIÓN DO “CURSO DE ESPECIALIZACIÓN EN DEREITO MARÍTIMO-PESQUEIRO DO TRABALLO E DA SEGURIDADE SOCIAL”**

A Coruña, na data da última sinatura electrónica

**REUNIDOS**

Dunha banda, dona Antía Sández Callejo , con DNI 33541419J, presidenta do Consello Galego de Relacións Laborais, nomeada polo presidente da Xunta por Decreto 131/2022, do 19 de xullo (Diario Oficial de Galicia número 142, do 27 de xullo de 2022) que actúa en nome e representación do citado organismo, en virtude das facultades que lle confire o artigo 9 da Lei 5/2008, do 23 de maio, reguladora do Consello Galego de Relacións Laborais (Diario Oficial de Galicia número 112, do 11 de xuño de 2008)

E doutra banda, don Ricardo Cao Abad, Sr. Reitor da Universidade da Coruña (UDC) nomeado segundo Decreto 1/2024, do 11 de xaneiro, (Diario Oficial de Galicia número 10, do 15 de xaneiro de 2024), actuando en nome e representación desta, en virtude das facultades que lle confiren os Estatutos da Universidade da Coruña aprobados polo Decreto 101/2004, do 13 de maio (Diario Oficial de Galicia número 100, do 26 de maio de 2004), modificados polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro de 2007 (Diario Oficial de Galicia número 201, do 17 de outubro de 2007).

Ambas partes actúan no exercicio dos seus respectivos cargos e recoñécense reciprocamente capacidade xurídica de contratar e de obrigarse nos termos do presente convenio.

**EXPOÑEN**

**Primeiro.-** Que consideran necesario colaborar na realización da III edición do curso de especialización en Dereito marítimo pesqueiro do Traballo e Seguridade Social, por

entenderen as dúas institucións que pola importancia das actividades marítimo-pesqueiras, e tralo éxito e a positiva repercusión das dúas pasadas edicións, é preciso levar a cabo unha nova edición, e que estas actividades acaden ter a súa correspondente entidade no ámbito das titulacións universitarias galegas relacionadas coa docencia e coa investigación do Dereito do Traballo e da Seguridade Social.

**Segundo.-** Que o Consello Galego de Relacións Laborais acordou en xuntanza da Comisión Permanente do 29 de xaneiro de 2025, a realización na Coruña da III edición do Curso especialización en Dereito marítimo pesqueiro do Traballo e Seguridade Social, co propósito de continuar a formación neste eido, e coa finalidade de axudar a mellorar as condicións de traballo e de vida das persoas que realizan (por conta allea e por conta propia) actividades marítimo-pesqueiras.

**Terceiro.-** Que de conformidade co establecido nos artigos 19.4.a) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 37 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento, que establecen a concesión directa das subvencións previstas de forma nominativa na Lei 4/2024, de 27 de decembro, de Orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia nos para o ano 2025, resólvese, a concesión directa á Universidade da Coruña da subvención regulada neste convenio, nos termos recollidos neste e na normativa reguladora destas subvencións.

**Cuarto.-** Que a Universidade da Coruña se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma, que non obtivo outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien este curso e que non incorre en ningunha das circunstancias contempladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para poder obter a condición de beneficiaria de axudas ou subvencións.

**Quinto.-** Que ao existir unha plena coincidencia entre as partes asinantes nos obxectivos perseguidos, así como a vontade de unir esforzos e colaborar nos seus respectivos ámbitos de actuación, acordan asinar este convenio, e facelo con base nas seguintes

## CLÁUSULAS

**Primeira.-** O obxecto deste convenio é establecer as condicións polas que se instrumenta a concesión da subvención nominativa á Universidade da Coruña para a realización da III edición do *Curso de especialización en Dereito marítimo pesqueiro do Traballo e Seguridade Social*, que se desenvolverá do 1 de abril de 2025 ao 21 de maio do ano 2025 na Facultade de Dereito da Universidade da Coruña.

**Segunda.-** O obxectivo que se pretende co desenvolvemento do curso de formación, é o seguinte: coa terceira edición do curso búscase paliar o déficit de tratamento académico que se rexistraba tanto no Sistema Universitario Galego como fóra del, con todo o que isto supón na formación de profesionais que se queiran dedicar ao asesoramento xurídico-laboral nun sector tan específico e distinto como é o das actividades marítimo-pesqueiras.

**Terceira.-** O curso diríxese ao alumnado do Sistema Universitario Galego (sen prexuízo da presenza de alumnado procedente doutras universidades), así como a persoas profesionais que están relacionadas, directa ou indirectamente, con este traballo tan singular e que precisan coñecer (ou seguir coñecendo con máis detalle) o Dereito do Traballo e da Seguridade Social aquí aplicable.

Os temas que se impartirán durante a realización do curso son os que se relacionan no programa que se achega como **Anexo I** a este convenio.

Para un óptimo aproveitamento do curso establécese un límite máximo de 40 participantes que realizarán o curso en modalidade presencial, seleccionados pola dirección do curso e dos que ao menos vinte serán propostos polo Consello Galego de Relacións Laborais. Respecto destes alumnos, a Universidade de Coruña realizará os trámites de inscrición e matrícula, unha vez feita a proposta de alumnos por parte deste organismo. O dito número podería incrementarse para o caso de que non se chegasen a cumprimentar as corenta prazas ofertadas.

Ofertaranse outras 10 prazas máis dirixidas a persoas que realizarán o curso en liña e, para tales efectos, a Universidade da Coruña habilitará as medidas necesarias para a impartición en liña no

caso destas 10 prazas.

Deste xeito, o número total de participantes nesta I edición ascende a un total de 50 persoas.

Outorgaráselles un título acreditativo ás persoas participantes no curso que o superen e demostren unha asistencia superior ao 80% das unidades docentes impartidas, conforme ás normas establecidas a tal efecto pola Universidade da Coruña, comprometéndose esta institución á tramitación do recoñecemento académico deste curso e das súas sucesivas edicións.

**Cuarta.-** Encoméndase a dirección do curso a don Iván Vizcaíno Ramos, Profesor titular de Dereito do Traballo e da Seguridade Social na Facultade de Dereito da UDC e a súa coordinación a don Xosé Manuel Carril Vázquez, Catedrático de Dereito do Traballo e da Seguridade Social na Facultade de Dereito tamén da UDC.

**Quinta.-** O Consello Galego de Relacións Laborais contribuirá ao financiamento desta III Edición do Curso de especialización en Dereito marítimo pesqueiro do Traballo e Seguridade Social mediante a subvención nominativa “Á Universidade da Coruña”, con cargo ao capítulo IV do seu orzamento, recollida na aplicación orzamentaria 14.B1.324A.444.10, cunha dotación orzamentaria total de DEZAOITO MIL EUROS (18.000€), polo que está previsto crédito necesario e suficiente, segundo certificación expedida pola secretaria xeral do organismo, que se xunta a este convenio como Anexo. A Universidade da Coruña percibirá, previa xustificación nos termos recollidos no presente convenio, unha achega de ata DEZASETE MIL CATROCIENTOS EUROS (17.400,00€), con cargo á citada aplicación orzamentaria 14.B1.324A.444.10.

O Consello Galego de Relacións Laborais financiará con 30€ a matrícula de cada un dos 20 participantes propostos, sen que teña que ser adiantado, no momento de efectuar a matrícula, por parte dos participantes propostos polo Consello Galego de Relacións Laborais. A cantidade total (600,00€) abonaráselle á Universidade da Coruña unha vez rematado o prazo de matrícula, mediante transferencia desde a aplicación orzamentaria 14.B1.324A.444.10. O dito importe será computado á marxe da subvención regulada neste convenio para o funcionamento do curso. Este importe non cobre os prezos públicos por expedición de títulos, que será abonado por cada estudante matriculado.

A antedita contribución poderase librar do seguinte xeito:

Mediante pagamentos a conta, por contía equivalente á xustificación presentada, que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, ata o 80% do financiamento aportado polo Consello Galego de Relacións Laborais. A xustificación destes pagamentos farase mediante certificación detallada acreditativa dos gastos realizados, expedida polo órgano da universidade que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención.

O importe restante librarase unha vez cumprido o establecido na cláusula sétima.

**Sexta.-** A Universidade da Coruña, unha vez rematadas as actividades derivadas do curso obxecto do convenio, e como data límite o 30 de novembro de 2025, xustificará a totalidade da contribución efectuada polo Consello Galego de Relacións Laborais, mediante certificación detallada e relación de facturas acreditativas dos gastos realizados e efectivamente pagados con anterioridade á finalización do período de xustificación establecido, de conformidade co disposto no artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A antedita certificación será expedida polo órgano da universidade que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención.

Coa contribución efectuada polo Consello Galego de Relacións Laborais poderanse financiar os conceptos de gasto seguintes:

Organización, coordinación e dirección do curso.

Honorarios de profesorado e relatores.

Gastos de desprazamento dos relatores e relatoras e do seu aloxamento, de ser o caso.

Gastos de material de imprenta, do aluguer de medios audiovisuais, da inauguración e clausura e demais necesarios para o bo funcionamento do curso.

No suposto de que os gastos que se xustifiquen fosen inferiores ao financiamento acordado, deducirase do pagamento final a parte non xustificada.

A Universidade da Coruña presentará, no momento da finalización do período de xustificación, unha declaración complementaria á que se contén no expoñendo cuarto deste convenio, do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de

resolución para a mesma finalidade das distintas administracións públicas ou entes públicos ou privados, nacionais, Internacionais, así como unha memoria descritiva do contido das accións desenvolvidas e dos resultados acadados, na que conste, entre outras, a relación e características dos participantes, e a súa valoración sobre o curso.

O Consello Galego de Relacións Laborais resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do gasto e, en concreto, a que acredite o pagamento das facturas relacionadas xunto á certificación.

**Sétima.-** A Universidade da Coruña comprométese a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da axuda concedida.

**Oitava.-** A Universidade da Coruña comprométese a facer constar en toda a publicidade que xeren estas actividades –tanto impresa como audiovisual- a colaboración orzamentaria do Consello Galego de Relacións Laborais, para o que respectando a normativa da imaxe corporativa da Xunta de Galicia, utilizará o logo do CGRL, organismo outorgante da subvención. A realización do curso tamén implicará que a Universidade beneficiaria da subvención asuma as obrigas enumeradas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Tamén será de aplicación o establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. Asemade, será de aplicación o disposto na Lei 38/2003 xeral de subvencións e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo en aqueles preceptos que teñan a condición de lexislación básica.

A entidade beneficiaria deberá, igualmente, dar cumprimento ás obrigas de publicidade que se establecen o artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

**Novena.-** O convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia. As partes

asinantes tamén consenten a publicación dos datos persoais e o resto das especificacións contidas no mesmo no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia.

En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicárase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións. A Universidade da Coruña, de conformidade co establecido nos artigos citados e na disposición adicional única do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, presta o seu consentimento expreso para incluír e facer públicos os datos relevantes do convenio nos Rexistros mencionados.

**Décima.-** Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda, e, en todo caso, a obtención concorrente doutras achegas, poderá dar lugar á súa modificación e ao reintegro das cantidades percibidas.

Procederá o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de mora, no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

**Undécima.-** A subscrición deste convenio non supón relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades e o Consello Galego de Relacións Laborais, de tal xeito que non se lle pode esixir responsabilidade ningunha, directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acontecidos no seu desenvolvemento.

**Duodécima.-** Este convenio de colaboración terá natureza administrativa, rexéndose polo establecido nas súas cláusulas; polos preceptos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da dita lei; da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da dita lei; da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno e polo establecido no capítulo VI da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Para o seguimento da súa execución e o coñecemento de calquera discrepancia que poida xurdir sobre a súa interpretación, crearase unha Comisión Mixta, integrada por unha representación

designada por cada unha das partes asinantes do convenio. No caso de que a discrepancia verse sobre cuestións que se refiran exclusivamente á subvención, se persistira, será resolta pola presidencia do Consello Galego de Relacións Laborais e a súa resolución, que porá fin á vía administrativa, poderá ser obxecto de recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa.

De conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, o convenio poderá ser modificado unilateralmente pola Administración cando teña por finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

**Décima terceira.-** As partes manifestan que coñecen e compren a lexislación europea en materia de Protección de Datos de Carácter Persoal, á que se someten de forma expresa, comprometéndose a dar un uso debido aos datos de tal natureza que obteñan como consecuencia do desenvolvemento do presente convenio, no marco do disposto polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016 e conforme ao establecido na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de *Protección de Datos Personales y garantía de los derechos digitales*.

As partes comprométense a tratar os datos de carácter persoal coa finalidade exclusiva de realizar o servizo.

As partes comprométense a que os datos de carácter persoal non serán obxecto de ningún tratamento distinto aos previstos neste convenio.

As partes comprométense a que os datos de carácter persoal non se cederán a terceiros, salvo nos casos en que exista unha obrigação legal.

As persoas interesadas poderán exercer, no seu caso, os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición, limitación e portabilidade nos termos legais previstos, mediante a comunicación ao domicilio social da respectiva entidade.

A entidade colaboradora adoptará as medidas adecuadas para limitar o acceso dos seus empregados aos datos persoais durante a vixencia deste convenio.

As partes autorizan a que os seus datos persoais consten no convenio, e mailo resto das especificacións nel contidas e a que podan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto da Comunidade Autónoma de Galicia.

Os datos de carácter persoal deberán ser destruídos ou devoltos, a criterio da Universidade da Coruña, unha vez finalizada a vixencia do convenio e no momento en que, en cumprimento das condicións pactadas ou legalmente previstas, remate a relación entre ambas partes; sen prexuízo das excepcións que a normativa e/ou as decisións xudiciais puidesen establecer con respecto ao mantemento temporal mínimo de certos datos que pola súa natureza así se requira. O mesmo destino haberá de darse a calquera soporte ou documento no que conste algún dato de carácter persoal obxecto de tratamento.

**Décima cuarta.-** O Consello Galego de Relacións Laborais poderá realizar actuacións de comprobación, en calquera momento, sobre a execución material das accións obxecto do convenio.

**Décima quinta.-** O incumprimento de calquera das cláusulas que regulan este convenio constituirá causa suficiente para a súa resolución.

**Décima sexta.-** Este convenio entrará en vigor o día da súa sinatura, sen prexuízo de que serán obxecto de subvención as actividades que se desenvolverán desde o 1 de abril de 2025, de conformidade co establecido no artigo 2.1.b) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2025.

Lido por ambas as dúas partes, por si mesmas, e como proba de conformidade co expresado no convenio, asinano e rubricano por duplicado, no mesmo lugar e data que se indica ao comezo.

A presidenta do Consello Galego  
de Relacións Laborais,

Antía Sández Callejo

O reitor da Universidade  
da Coruña,

Ricardo Cao Abad

## ANEXO I

### PROGRAMA

**Dirección:** Iván Vizcaíno Ramos  
**Secretaría:** Andrea Baneira Suárez  
**Coordinación académica:** Xosé Manuel Carril Vázquez

#### I. O MARCO ECONÓMICO-XURÍDICO DO SECTOR MARÍTIMO-PESQUEIRO

**1 de abril de 2025**

**16:30**

1. As actividades marítimo-pesqueiras na economía mundial.  
*Fernando I. González Laxe*  
*Catedrático de Economía Aplicada UDC*

**17:30**

2. O mar na Galiza: algo máis que un sector industrial.  
*María do Carme García Negro*  
*Profesora A.H. de Economía Aplicada USC*

**18:30-19:00** Descanso

**19:00**

3. A ordenación internacional do espazo marítimo-pesqueiro e dos seus recursos  
*José Manuel Sobrino Heredia*  
*Catedrático de Dereito Internacional Público e Relacións Internacionais UDC*

**20:00**

4. A construción xurídica dun espazo marítimo común europeo.  
*Gabriela A. Oanta Oanta.*  
*Profesora Titular de Dereito Internacional Público e Relacións Internacionais UDC*

**2 de abril de 2025**

**16:30**

5. A determinación do ordenamento xurídico aplicábel ao buque.  
*Laura Carballo Piñeiro*  
*Catedrática de Dereito Internacional Privado UVIGO*

**17:30**

6. O buque no Dereito Internacional Penal  
*Carmen Montero Ferrer*  
*Profesora Axudante Doutora de Dereito Internacional Público e Relacións Internacionais USC*

**18:30-19:00** Descanso

**19:00**

7. As peculiaridades nas fontes de regulación do traballo marítimo-pesqueiro.

*Manuel Correa Carrasco*

*Catedrático de Dereito do Traballo e da Seguridade Social UC3M*

## **II. O TRABALLO NO MAR**

### **A) TRABALLO A BORDO DE BUQUES DE PESCA**

**20:00**

8. Os requisitos mínimos da para traballar a bordo de buques de pesca.

*Rosa María de la Campa*

*Profesora Contratada Doutora de Ciencias e Técnicas da Navegación na Escola Técnica Superior de Náutica e Máquinas UDC. Piloto de primeira da Mariña Mercante*

**8 de abril de 2025**

**16:30**

9. A remuneración, con especial referencia ao salario baseado no reparto de capturas (“á parte”).

*Jaime Cabeza Pereiro*

*Catedrático de Dereito do Traballo e da Seguridade Social UVIGO*

**17:30**

10. A Ordenación do tempo de traballo.

*Francisca Fernández Prol*

*Profesora Titular (Acreditada Catedrática) de Dereito do Traballo e da Seguridade Social UVIGO*

**18:30-19:00** Descanso

**19:00**

11. Os servizos de contratación e colocación pesqueiros.

*Iván Vizcaíno Ramos*

*Profesor Titular de Dereito do Traballo e da Seguridade Social UDC*

**20:00**

12. O acordo de emprego de quen traballa a bordo de buques pesqueiros.

*Jesús Martínez Girón e Alberto Arufe Varela*

*Catedráticos de Dereito do Traballo e da Seguridade Social UDC*

**9 de abril de 2025**

**16:30**

13. A negociación colectiva no sector pesqueiro.

*María de las Nieves Martínez Gayoso*

*Profesora Titular de Dereito do Traballo e da Seguridade Social UPV/EHU. Responsábel territorial para a xestión do PRECO Consello de Relacións Laborais de Euskadi (Lan Herramanen Kontseilua)*

**17:30**

14. As condicións de vida a bordo (alimentación, instalacións de lecer e servizo de fonda).

*Luz Baz Abella*

*Coordinadora da ITF (International Transport Workers' Federation) en España.*

*Licenciada en Dereito. Piloto da Mariña Mercante*

**18:30-19:30** Descanso

**19:00**

15. A Prevención de riscos laborais.

*Julio Louro Rodríguez*

*Profesor Contratad Doutor de Ciencias e Técnicas da Navegación na Escola Técnica Superior de Náutica e Máquinas UDC. Capitán da Mariña Mercante*

**20:00**

16. A cláusula social nos acordos de pesca sostíbeis negociados pola Unión Europea con terceiros Estados.

*Lucía Dans Álvarez de Sotomayor*

*Profesora Contratada Doutora de Dereito do Traballo e da Seguridade Social ULL*

**22 de abril de 2025**

**16:30**

17. Impacto da transición ecolóxica e dixital no traballo a bordo de buques de pesca.

*Xosé Manuel Carril Vázquez*

*Catedráticos de Dereito do Traballo e da Seguridade Social UDC*

**B) TRANSPORTE MARÍTIMO**

**17:30**

18. Os requisitos mínimos da xente de mar para traballar a bordo de buques de transporte

*Rosa María de la Campa.*

*Profesora Contratada Doutora de Ciencias e Técnicas da Navegación na Escola Técnica Superior de Náutica e Máquinas UDC. Piloto de primeira da Mariña Mercante*

**18:30-19:00** Descanso

**19:00**

19. Os servizos de intermediación laboral marítimos, con especial referencia ás *manning agencies*

*Olga Fotinopoulou Basurko*

*Catedrática de Dereito do Traballo e da Seguridade Social UPV/EHU*

**20:00**

20. O acordo de emprego e as condicións de traballo da xente do mar.

*María Isabel Ribes Moreno.*

*Profesora Titular de Dereito do Traballo e da Seguridade Social UCA*

**23 de abril de 2025**

**16:30**

21. As condicións de vida a bordo (alimentación, instalacións de lecer e servizo de fonda).

Luz Baz Abella.

*Coordinadora da ITF (International Transport Workers' Federation) en España. Licenciada en Dereito. Piloto da Mariña Mercante*

**17:30**

22. A prevención de riscos laborais.

Julio Louro Rodríguez

*Profesor Contratado Doutor de Ciencias e Técnicas da Navegación Escola na Técnica Superior de Náutica e Máquinas UDC. Capitán da Mariña Mercante*

**18:30-19:00** Descanso

**19:00**

23. A liberdade sindical e o dereito de negociación colectiva, con especial referencia ao caso dos buques con bandeira de conveniencia.

María Gorrochategui Polo.

*Investigadora posdoutoral de Dereito do Traballo e da Seguridade Social UPV/EHU*

**20:00**

24. A folga marítima.

Olga Fotinopoulou Basurko

*Catedrática de Dereito do Traballo e da Seguridade Social UPV/EHU*

**28 de abril de 2025 (luns)**

*C) TRABALLO A BORDO DE PLATAFORMAS MARÍTIMAS (OFFSHORE)*

**16:30**

25. A deficitaria regulación legal do traballo nas plataformas *offshore*.

Xosé Manuel Carril Vázquez

*Catedrático de Dereito do Traballo e da Seguridade Social UDC*

*C) OUTRAS ACTIVIDADES MARÍTIMO-PESQUEIRAS*

**17:30**

26. A actividade do servizo de practicaxe de portos

María José Rodríguez Docampo

*Profesora Titular de Derecho Mercantil UDC*

**18:30-19:00** Descanso

**19:00**

27. Outras actividades marítimo-pesqueiras (extracción doutros produtos do mar, tráfico interior de portos, embarcacións deportivas e de lecer...)

Iván Vizcaíno Ramos

*Profesor Titular de Dereito do Traballo e da Seguridade Social UDC*

**III. O TRABALLO PARA O MAR**

A) *ACTIVIDADES PORTUARIAS*

**20:00**

28. O porto como punto de encontro de actividades económicas moi diversas.  
Jesús Casás López  
*Secretario Xeral da Autoridade Portuaria da Coruña e na actualidade Director da Autoridade Portuaria de Ferrol-San Cibrao*

**29 de abril de 2025 (martes)**

**16:30**

29. O réxime xurídico do traballo da estiba portuaria (I).  
Inmaculada Ballester Pastor.  
*Catedrática de Dereito do Traballo e da Seguridade Social UJI*

**17:30**

30. O réxime xurídico do traballo da estiba portuaria (II).  
Inmaculada Ballester Pastor.  
*Catedrática de Dereito do Traballo e da Seguridade Social UJI*

**18:30-19:00** Descanso

**IV. A MULLER NO TRABALLO MARÍTIMO-PESQUEIRO**

**19:00-20:00**

31. O traballo das redeiras  
Nora Martínez Yañez  
*Profesora Contratada Doutorada de Dereito do Traballo e da Seguridade Social UVIGO.  
Conselleira do Consello Consultivo de Galiza*

**6 de maio de 2025**

**16:30**

32. O traballo das mariscadoras, percebeiras e recolletores de algas.  
Emma Rodríguez Rodríguez  
*Profesora Titular (Acreditada Catedrática) de Dereito do Traballo e da Seguridade Social UVIGO. Vogal Asesora da Secretaría de Emprego do Ministerio de Traballo e Economía Social*

**17:30**

33. Mulleres a bordo de buques (de transporte marítimo e de pesca).  
Rosa María de la Campa.  
*Profesora Contratada Doutora de Ciencias e Técnicas da Navegación na Escola Técnica Superior de Náutica e Máquinas UDC. Piloto de primeira da Mariña Mercante*

**18:30-19:00** Descanso

**V. A PROTECCIÓN DE SEGURIDADE SOCIAL A TRAVÉS DUN RÉXIME ESPECIAL**

**19:00**

34. Os criterios de determinación da lexislación aplicábel en materia de seguridade

social a quen traballa a bordo de buques.

Xosé Manuel Carril Vázquez

*Profesor Titular de Dereito do Traballo e da Seguridade Social UDC*

**20:00**

35. O accidente de traballo.

María Belén Fernández Docampo

*Profesora Titular de Dereito do Traballo e da Seguridade Social UVIGO*

**7 de maio de 2025**

**16:30**

36. A asistencia sanitaria a bordo.

María Ángeles Bouza Prego

*Doutora en Medicina e Profesora da Area de Medicina Preventiva na Escola Técnica Superior de Náutica e Máquinas UDC*

**17:30**

37. A protección en caso de enfermidade, lesión ou morte.

Elisabet Errandonea Ulazia

*Profesora Titular de Dereito do Traballo e da Seguridade Social UPV-EHU*

**18:30-19:00** Descanso

**19:00**

38. A repatriación.

Francisca Bernal SantaMaría.

*Profesora Axudante Doutora de Dereito do Traballo e da Seguridade Social UCA*

**20:00**

39. A protección en caso de piratería e outros riscos.

Xosé Manuel Carril Vázquez

*Profesor Titular de Dereito do Traballo e da Seguridade Social UDC*

**13 de maio de 2025 [luns]**

**16:30**

40. A xubilación.

Marta Fernández Prieto

*Profesora Titular de Dereito do Traballo e da Seguridade Social UVIGO*

## **VI. VIXILANCIA E CONTROL DAS CONDICIÓNS DE TRABALLO**

**17:30**

41. Os instrumentos de inspección e de control a bordo e en terra das condicións de vida e de traballo nos buques

Xosé Manuel Carril Vázquez

*Catedrático de Dereito do Traballo e da Seguridade Social UDC*

**18:30-19:00** Descanso

**19:00**

42. O papel da Inspección de traballo e seguridade social

Eva Fernández Pardo

*Inspectora de Traballo e Seguridade Social da unidade especializada de Seguridade e Saúde Laboral (A Coruña)*

**20:00**

43. O papel da Inspección marítima

María Clara Varela García

*Inspectora de Seguridade Marítima. Capitanía Marítima de Algeciras*

**14 de maio de 2025**

**16:30**

44. A coordinación e colaboración das Administracións implicadas no caso da prevención de riscos laborais.

Julio Louro Rodríguez

*Capitán. Profesor Contratado Doutor de Ciencias e Técnicas da Navegación na Escola Técnica Superior de Náutica e Máquinas UDC*

## **VII. O PAPEL DOS AXENTES SOCIAIS NA MELLORA DAS CONDICIÓNS DE TRABALLO NAS ACTIVIDADES MARÍTIMO-PESQUEIRAS**

**17:30-21:00**

45. O papel da Confederación Intersindical Galega (CIG).

46. O papel de Comisións Obreiras (CC.OO).

47. O papel da Unión Xeral de Traballadores (UXT).

48. O papel de Confederación de Empresarios de Galicia (CEG).

**21 de maio de 2025**

## **VIII. INTERVENCIÓNS DE CLAUSURA**

**17:30**

49. Le multinazionali del mare

Sergio Fontegher Bologna

*Presidente Agenzia Imprenditoriale Operatori Marittimi (AIOM)*

\*\*\*\*\*

### **DATAS**

Meses abril e maio de 2025.

Dous días á semana (martes e mércores).

Horario: 16:30-21:00 (4 horas por día, de modo que serían 8 por semana).

\*\*\*\*\*

### **MODALIDADE**

Docencia presencial e asistencia presencial para público (sempre matriculado) residente na Galiza. 30 prazas (30 euros matrícula).

Docencia presencial e asistencia non presencial. 10 prazas (100 euros matrícula).

\*\*\*\*\*

## ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Sempre coa finalidade de achegarse ao mundo das actividades marítimo-pesqueiras, haberá actividades (de participación voluntaria) complementarias de diversa natureza (visita ao porto da Coruña, visita ao Museo de Construción Naval de Ferrol, travesía en barco UDC e actos culturais).

## ANEXO II

**CRISTINA FABEIRO VARELA** secretaria do Consello Galego de Relacións Laborais,

### CERTIFICO

Que no orzamento do Consello Galego de Relacións Laborais para 2025 figura crédito na aplicación 14.B1.324A.444.10, que se considera axeitado e suficiente para satisfacer á Universidade da Coruña o importe dos gastos ocasionados pola realización da III edición do curso de especialización en Dereito marítimo pesqueiro do Traballo e Seguridade Social, que terá lugar dende o 1 de abril de 2025 ao 21 de maio do ano 2025, nos termos establecidos no convenio entre o Consello Galego de Relacións Laborais e a Universidade da Coruña polo que se instrumenta a subvención nominativa para a realización da III edición do “Curso de especialización en Dereito marítimo-pesqueiro do traballo e da seguridade social”

E para que conste, para os efectos oportunos, asino esta certificación en Santiago de Compostela a 10 de febreiro de 2025.